

**ACTA DA SESIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN PERMANENTE DO CONCELLO DE FERROL**

Procedemento	Procedemento aberto simplificado/pluralidade de criterios/tramitación ordinaria	
Obxecto	<b>Servizo de produción e execución da Cabalgata dos Reis Magos de 2020</b>	
Número expediente	AVS 05101 19/11	Cívidas 2019116502
Lugar:	Sala de Reunións do Concello de Ferrol	
Data	11 de decembro de 2019	
Hora de inicio	11:30:00	
Hora remate	11:39:00	
Asistentes sen voto	Don Felipe Cotovad Martínez, arquitecto municipal e don Alejandro Padilla Rodríguez, representante do grupo municipal PP.	

**Presidente:**

Don Julián Reina Villalón, concelleiro delegado da área de Urbanismo e Infraestruturas, Mobilidade, Vivenda e Rehabilitación, Contratación, Centro de Recursos Informáticos e Organización Interna.

**Vocais:**

Don Rogelio Cenalmor Palanca, xefe de servizo de Contratación; don Antonio Golpe Díaz, concelleiro proponente do contrato (Cultura); don Leopoldo Moure García, secretario xeral; don Vicente Calvo del Castillo, interventor municipal e don Joaquín Martínez Cubero, xefe de servizo (Cultura).

**Secretario/a**

Dona Flor Maceiras Pérez, xefa de negociado do servizo de Contratación.

A Presidencia da por iniciado o acto.

**ORDE DO DÍA****1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior celebrada en data 27/11/2019.**

Se aproba co voto favorable dos vocais asistentes que participaron na sesión anterior.

**2.- Calificación da documentación presentada polo licitador proposto para a adxudicación. Adopción de acordo/s.**

Con motivo da calificación da documentación presentada por JARABE COMUNICACIÓN, SLU e para os efectos do disposto na cláusula 27 e apartado 11.3 do anexo I do PCAP e no que respecta á adxudicación do contrato; deuse conta de toda a documentación que, dentro do prazo concedido, presenta o licitador proposto para a adxudicación.

Considerando toda a documentación acreditativa presentada; o informe técnico relativo á revisión da documentación acreditativa aportada pola empresa proposta respecto da súa solvencia técnica e medios personais e materiais a aportar para a debida execución do contrato; o informe da intervención municipal relativo á documentación acreditativa aportada pola empresa proposta

respecto da súa solvencia económica e financeira e os extremos esixidos no PCAP; a Mesa de Contratación Permanente, co voto favorable de todos os vocais asistentes, acordou:

- CALIFICAR favorablemente a documentación presentada pola empresa JARABE COMUNICACIONES SLU, **agás a correspondente á acreditación de medios materiais; a correspondente a pólizas dos seguros requiridos e a correspondente á acreditación da súa solvencia económica e financeira.** En consecuencia do anterior; conceder ao licitador un PRAZO DE SUBSANACIÓN de TRES DÍAS HÁBILES; para presentar no Rexistro Xeral do Concello de Ferrol o seguinte:
  - **ACREDITACIÓN DA SOLVENCIA ECONÓMICA (Apartado 11 do Anexo I do PCAP):** O licitador presenta **copias** das contas anuais do exercizo 2018. Non se pode acreditar que as contas presentadas son as depositadas no Rexistro. Polo tanto, **debe presentarse nota simple ou certificación expedidos polo Rexistrador Mercantil das contas anuais depositadas no Rexistro.**
  - **ACREDITACIÓN DA EFECTIVA DISPOSICIÓN DOS MEDIOS PERSOAIS E MATERIAIS COMPROMETIDOS PARA A EXECUCIÓN DO CONTRATO (Apartado 11.3 do Anexo I do PCAP) e ACREDITACIÓN DE SEGUROS DOS VEHÍCULOS (Apartado 27 do Anexo I do PCAP):**
    - *“Medios materiais:*
      - *Os vehículos con matrícula **5586HZZ, 0493KGB, 5476KBR e 5695JVZ non obra a folia de ter pasada a ITV na documentación achegada, deberá subsanar.***
      - *Do vehículo **5695JVZ non obra permiso de circulación, polo que deberá subsanar.***
        - *Seguros:*
          - *Do vehículo **5476KBR non obra na documentación achegada o correspondente comprobante de ter pagado o seguro, polo que deberá subsanarse***
          - ***Non achega os correspondentes seguros dos remolques que participan na cabalgata, nin aclara, no seu caso, se os correspondentes seguros dos coches tractores dan cobertura aos remolques. Polo que deberá aclarar esta circunstancia.”***
      - Deberán achegar a **documentación** que se indica e, así mesmo, respecto aos remolques, aportar unha **relación dos remolques** (e os seguros correspondentes) que participarán na cabalgata.

Remata o acto e o asistente abandona a sesión.

Remata a sesión. De todo o que, eu, secretaria DOU FE.

***DILIXENCIA:*** *Unha vez aprobada a presente ACTA, na sesión da Mesa de Contratación Permanente celebrada en data 18/12/2019; asinan dixitalmente o Presidente e o secretario na data que consta na sinatura dixital.*